

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE ABRIL DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de abril de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as

trece horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 21 de abril de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LEGALIZACIÓN DE OBRA DESTINADA AO DESENVOLVEMENTO DUNHA ACTIVIDADE

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de legalización de obra destinada ao desenvolvemento dunha actividade, presentada con data 19 de marzo de 2023 (RE-E núm. 171), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

DENOMINACIÓN SOCIAL	GATEIRA S.C.
---------------------	--------------

CIF	██████████
DOMICILIO SOCIAL	LUGAR DE CARBOENTES, PARROQUIA DE CARBOENTES
REPRESENTANTE	JUAN CARLOS BARDELÁS LAMAS
DNI	██████████

DATOS DA OBRA

OBXECTO	LEGALIZACIÓN DE INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA ILLADA EN EXPLOTACIÓN AVÍCOLA
LUGAR	COUSO
PARROQUIA	SAN MARTIÑO DE ASPERELO
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN FORESTAL
RFA. CATASTRAL DA PARCELA	36047A120008600000LX
DOCUMENTO TÉCNICO	SI (Memoria técnica redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, en data 19/03/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	10.500,00 €
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 24/04/23)

DATOS DA ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CARNE
REGA	██████████
TRÁMITE AMBIENTAL	EXENTO (Informe da técnica municipal de Medio Ambiente Dona Yolanda Aguiar Jorge, de data 13/04/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no seu Regulamento (RLSG), e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG) e no Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (RIAE), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 24.1 LECG, 11 RIAE, 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS DEZ EUROS (210,00 €).

Cuarto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Quinto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- CONCESIÓN DE PRIMEIRA PRÓRROGA NO PRAZO DE INICIO DE OBRA AMPARADA EN LICENZA MUNICIPAL

ANTECEDENTES

1º.- Don Luís Mario Quintá García, na representación da sociedade GANDEIRÍA CASA LAMEIRO S.C., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az, solicita con data 17 de abril de 2023 (RE-E núm. 225) unha primeira prórroga do prazo para o inicio das obras de INSTALACIÓN DE EXPLOTACIÓN AVÍCOLA, con emprazamento no lugar de Cristimil, parroquia de San Cristovo do Az.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 17 de outubro de 2022, acordou conceder a correspondente licenza municipal

para as obras descritas, non fixándose expresamente o prazo de inicio das obras, polo que resulta de aplicación o prazo máximo por defecto, establecido en seis meses, en virtude do disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).

3º.- Segundo o manifestado pola solicitante, as obras non foron iniciadas a esta data.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 25/04/23, acreditando a conformidade da licenza coa ordenación urbanística vixente.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 145.2 da LSG textualmente dispón: “Os concellos poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado”.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder á solicitante unha primeira prórroga de seis meses para o inicio das obras, que rematará o día 18 de outubro de 2023.

4.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA NO PRAZO DE EXECUCIÓN DE OBRA AMPARADA EN COMUNICACIÓN PREVIA

ANTECEDENTES

1º.- Don Ramón Sobrado González, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Xabaldiño, parroquia de San Salvador de Camba, solicita con data 31 de marzo de 2023 (RE núm. 560) unha primeira prórroga do prazo de execución das obras de EXECUCIÓN DE ACCESO A PARCELA, con emprazamento no lugar de Xabalde, parroquia de San Salvador de Camba.

2º.- A Xunta de Goberno Local do Concello, na sesión celebrada o día 20 de febreiro de 2023, adoptou acordo de declaración de eficacia da comunicación previa presentada, en virtude do disposto no artigo 146.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e no artigo 361.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

3º.- Na comunicación previa presentada consignábase como data de inicio das obras o día 2 de xaneiro de 2023, cun prazo de execución de tres meses.

4º.- Consta informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 24/04/22, acreditando a conformidade da prórroga solicitada.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Único.- O artigo 363.1 da RLSG textualmente dispón: *“As comunicacións previas relativas á execución de obras deberán sinalar o prazo para o seu inicio e remate, en proporción á súa entidade e de conformidade co que establezan as ordenanzas municipais sobre uso do solo e a edificación. Os prazos indicados prorrogaranse pola metade do prazo establecido se a persoa interesada o comunica antes de ter transcorrido o referido prazo. O prazo para o inicio e remate das obras non poderán exceder dos tres meses e un ano respectivamente”*.

Debidamente informados de canto antecede e acreditado o cumprimento dos requisitos legais esixibles, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Conceder ao solicitante unha prórroga dun mes e medio para a execución das obras, que rematará o día 17 de xuño de 2023.

5.- APROBACIÓN DE BASES E BAREMO PARA A PROVISIÓN DUN (1) POSTO DE TRABALLO AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) 2023

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes da resolución de data 25 de abril de 2023 da xefa territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en Pontevedra (RE núm. 690, do 25/04/23) pola que se concede a este Concello unha subvención por importe de 17.713,80 € para a contratación dun posto de traballo de enxeñeiro forestal, a tempo completo e durante un período de nove meses, ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22, do 01/02/23).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Aprobar as bases e baremo da selección para a provisión dun posto de traballo subvencionado ao abeiro do Aprol Rural 2023, co contido íntegro que se contén no anexo do presente acordo.

ANEXO

BASES E BAREMO PARA O PROCESO DE SELECCIÓN DO/A TRABALLADORA/A A CONTRATAR AO ABEIRO DO APROL RURAL 2023

A/ BASES

OBXECTO: O obxecto das presentes bases é a selección do/a traballador/a a contratar polo Concello con cargo ao Aprol Rural 2023, de conformidade cos requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

DENOMINACIÓN E NÚMERO DE POSTOS OFERTADOS:

— 1 enxeñeiro forestal.

TIPO DE CONTRATO: Contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (artigo 15 da Orde de convocatoria).

XORNADA: 37,5 horas semanais e horario de mañá e/ou tarde en función das necesidades do servizo.

DURACIÓN DO CONTRATO: 9 meses.

SALARIO:

- Enxeñeiro forestal: 1.443,47 € brutos mensuais, incluído prorroateo de pagas extras (I Convenio estatal para o sector de actividades forestais, publicado no BOE núm. 165, do 11/07/19)

REQUISITOS:

- Os xerais da Lei.
- Previa preselección polo Servizo Público de Emprego (SPE). Estar inscrito/a como persoa desempregada no SPEG como demandante non ocupado/a, estar dispoñible para o emprego, e reunir os requisitos establecidos no artigo 14 da Orde de convocatoria.
- Para o posto de traballo de enxeñeiro forestal: Grao universitario en enxeñería forestal.

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica da documentación requirida.

A documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo deberá ser presentada no Concello no prazo de cinco (5) días naturais, contados a partir do día seguinte ao día fixado polo SPE para a súa presentación no Concello.

B/ BAREMO

B1/ CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS (ATA 3 PUNTOS)

- Por ser muller 1,00 punto.
- Por ser menor de 30 anos 1,00 “
- Por ser maior de 45 anos 1,00 “
- Por discapacidade recoñecida legalmente 1,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica do DNI ou documento de valor equivalente. Para a discapacidade copia auténtica da resolución administrativa de recoñecemento.

B2/ SITUACIÓN FAMILIAR (ATA 3 PUNTOS)

- Por cada fillo ou menor en acollemento 0,25 puntos.
- Por familia monoparental 0,50 “
- Por cada fillo con discapacidade recoñecida 1,00 “
- Por familia numerosa con título expedido 2,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Copia auténtica do libro de familia e certificado municipal de convivencia da unidade familiar. No caso de discapacidade ou familia numerosa, copia auténtica dos documentos que o acrediten. Aos efectos do presente baremo, enténdese por unidade familiar a formada polo titular, cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente, fillos e fillas menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

B3/ SITUACIÓN DE DESEMPREGO (ATA 4 PUNTOS)

- Por non ter sido nunca contratado/a nun posto de traballo acorde coa titulación esixida nestas Bases 4,00 puntos
- Por desemprego do solicitante superior a 2 anos 2,00 “
- Por desemprego do solicitante superior a 1 ano 1,00 “
- Por desemprego do solicitante superior a 6 meses 0,50 “
- Por non percibir prestación ou subsidio por desemprego 1,00 “
- Por ser integrante de colectivo desfavorecido ou en risco de exclusión social, especialmente beneficiarios de RISGA 1,00 “

FORMA DE ACREDITACIÓN: Para o tempo de desemprego, informe de períodos de inscrición expedido polo SPE. Para a non percepción de desemprego, certificado do SPE que así o acredite. Para colectivo desfavorecido ou en

risco de exclusión, documento oficial acreditativo de dita circunstancia. Para acreditar a non contratación nun posto de traballo acorde coa titulación: informe actualizado de vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

6.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL”

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da bases reguladoras e convocatoria realizada pola Deputación Provincial, en réxime de concorrencia non competitiva, para o proxecto “Primeira Experiencia Profesional” nos concellos da provincia de Pontevedra 2023/2024 no marco do programa Plan de fomento da empregabilidade (BOP núm. 68, do 10/04/23) e a conveniencia de solicitar dita axuda para o financiamento da contratación laboral, baixo a modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a a tempo completo para un período dun ano. Proponse a contratación dunha persoa co nivel de estudos de Ciclo medio de formación profesional para desempeñar funcións de auxiliar administrativo/a adscrito/a ao Departamento municipal de Servizos Sociais.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención para o programa “*Primeira Experiencia Profesional*” para a contratación, baixo a modalidade de contrato formativo, dun/ha traballador/a coa seguintes titulación:

- ✓ Ciclo medio de formación profesional.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial a cantidade de DOCE MIL EUROS (12.000,00 €) para a realización do proxecto subvencionado.

Terceiro.- Asumir o compromiso de financiar o importe non subvencionado dos custos necesarios para a realización do proxecto.

Cuarto.- Aceptar integramente as bases reguladoras e asumir os compromisos que nelas se establecen.

Quinto.- Ao non existir no Concello convenio ou táboa salarial de aplicación, acórdase fixar as retribucións salariais brutas do/a traballador/a que se contrate a través deste plan, en cómputo mensual e de conformidade co disposto no Anexo II das Bases, da seguinte forma:

RETRIBUCIÓN TOTAL CONTRATO (incluído soldo, pagas extras e complementos salariais)	COTIZACIÓN EMPRESARIAL Á SEGURIDADE SOCIAL	COSTE TOTAL MENSUAL DO POSTO DE TRABALLO
1.260,00 €	403,83 €	1.663,83 €

Sexto.- Facultar ao Sr. alcalde, para que na representación do Concello, solicite a subvención e asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

7.- APROBACIÓN DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS CORRESPONDENTE AO ANO 2023

Infórmase aos Sres. concelleiros presentes da aprobación pola extinta Consellería de Traballo e Benestar do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63, do 30/03/12). Entre os cambios que introduciu o devandito Decreto está a substitución da convocatoria anual de subvencións por un proceso de transferencias anuais que incluírá un anticipo, nos primeiros catro meses do ano, dunha contía equivalente á metade do que os Concellos tiveran recibido o ano anterior. Aos citados efectos o artigo 43.1 do citado texto legal dispón a obrigaón anual das Administracións beneficiarias de presentar ante a Consellería competente un proxecto anual dos servizos sociais comunitarios correspondentes ao ano en curso, aprobado polo órgano competente da Administración Local.

Xa que logo, debidamente informados de canto antecede e de conformidade co informe emitido pola traballadora social municipal Dona Natalia Salgado Rodríguez en data 26/04/23, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobado o proxecto anual dos servizos sociais comunitarios correspondentes ao ano 2023.

Segundo.- Solicitar da Consellería de Política Social unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por un importe global de CATROCENTOS CINCUENTA E NOVE MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (459.333,55 €), coa seguinte desagregación:

CONCEPTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA
Traballadora social	33.630,00 €
Educadora social	16.815,00 €
Mantemento	500,00 €
SAF Básico	50.000,00 €
SAF Dependencia	350.596,80 €
Cooperación social	1.000,00 €
Inserción social	6.791,75 €
TOTAL	459.333,55 €

Terceiro.- Comprometerse a cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista, na contía que exceda da concedida no seu caso pola Consellería de Política Social, a través de recursos procedentes de fondos propios, transferencias doutras administracións públicas e achegas dos usuarios dos servizos.

Cuarto.- Aprobar a memoria técnica de organización do Departamento de Servizos Sociais e as memorias técnicas por programas redactadas polos servizos sociais do Concello.

8.- CONCESIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOA CON DISCAPACIDADE

VISTA a solicitude presentada por Dona María Pardo Pereira (RE núm. 694, do 26/04/23), e a proposta de resolución emitida con data 26/04/23 pola traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, quen acredita o cumprimento dos requisitos establecidos no Regulamento municipal para a concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalidez, aprobado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2000 e publicado no BOP núm. 41 de data 27/02/01, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda a concesión da devandita tarxeta a favor de Don CARLOS VÁZQUEZ PARDO, con DNI núm. [REDACTED], veciño do lugar de Saborín, parroquia de Vilela.

9.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “MELLORA DE VIAL EN ALEMPARTE (O SALTO)”, redactado pola enxeñeira de camiños, canais e portos Dona Ana María García Mayo, en data abril de 2023, cun importe global de TRINTA E CINCO MIL TRESCENTOS VINTE E OITO EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (35.328,37 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	32.844,31 €
✓ Honorarios de proxecto:	1.104,03 €
✓ Honorarios dirección de obra:	1.104,03 €
✓ Honorarios coordinación de seguridade e saúde	276,00 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 27/04/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

10.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE ASPERELO, CAMBA, CARBOENTES, GUILLAR, PEDROSO E A PORTELA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2021

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2, final e liquidación correspondente á obra de “Mellora de camiños nas parroquias de Asperelo, Camba, Carboentes, Guillar, Pedroso e A Portela”, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2021, por importe de SESENTA E SEIS

MIL CENTO SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (66.172,65 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adjudicataria da obra CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L., por un importe de 66.172,65 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. 230041 (FACe), de data 11/04/23, estendida pola adjudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 21 de abril de 2023, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, coas variacións e axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 10/04/23.

11.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 2 E FINAL, LIQUIDACIÓN E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE “MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL QUE DESCORRE ENTRE AS PARROQUIAS DO SALTO E VILELA”, INCLUÍDA NO PLAN CONCELLOS 2022 E NO PLAN MARCO 2022-2023

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 2, final e liquidación correspondente á obra de “Mellora de camiño municipal que descorre entre as parroquias do Salto e Vilela”, incluída no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022 e no Plan Marco 2022-2023, por importe de SESENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS SESENTA E SEIS EUROS CON TRINTA E CINCO CÉNTIMOS (62.566,35 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora de obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 62.566,35 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2023-115 (FACe), de data 10/04/23, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

Cuarto.- Vista a Acta de recepción da devandita obra, asinada o día 21 de abril de 2023, na que se fai constar que “as obras realizadas, agás vicios ocultos, atópanse en bo estado, sendo executadas baixo o seguimento da facultativa encargada da súa dirección, coas variacións e axustes recollidos no informe final de obra”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación e, xa que logo, recibir a devandita obra, contando a partir desta data o prazo de garantía da obra fixado nun ano no prego de condicións, de conformidade co disposto no artigo 243 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP).

Quinto.- Aprobar o informe de execución da obra estendido pola dirección facultativa en data 10/04/23.

12.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- MERCAHILBE S.L. 5,40 € E 8,87 €
Por subministro de botellas de auga para o Concello, s/facturas núm. 02000001 e 02000003.
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 1.028,90 €
Por subministro de diverso material de papelería e oficina, s/factura núm. 03/23.
- ÓSCAR TORREIRO SOBRADO 370,00 €
Por traballos de mantemento anual do reloxo da Casa do Concello, s/factura núm. 2.

- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 8.516,83 €
Honorarios parciais por dirección facultativa de obra incluída no Plan Concellos 2021, s/factura núm. 003/2023.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 1.263,75 €
Honorarios parciais por dirección facultativa de obra incluída no Plan Marco 2022-2023, s/factura núm. 004/2023.
- EA INGENIERÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO SOSTENIBLE S.L. 3.650,07 €
Honorarios parciais por dirección facultativa de obra incluída no Plan Concellos 2021, s/factura núm. 23/009.
- EA INGENIERÍA, ARQUITECTURA, URBANISMO SOSTENIBLE S.L. 2.948,73 €
Honorarios parciais por dirección facultativa de obra incluída no Plan Marco 2022-2023, s/factura núm. 23/008.
- MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO 3.041,72 €
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Concellos 2021, s/factura núm. 02/2023.
- MARÍA ELENA SOMOZA CALVIÑO 1.053,12 €
Honorarios por coordinación de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Marco 2022-2023, s/factura núm. 03/2023.
- ALICIA MARÍA FERNÁNDEZ MOREIRAS 35,00 € E 20,00 €
Por canxe de vales de premiadas en concurso cultural, s/facturas núm. 01/23 e 02/23.
- MANUEL MOREIRAS CALVIÑO 2.934,25 €
Por traballos de acondicionamento no lugar da Penela e no camiño Os Vilaes-Pedroso, s/factura núm. 9.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as trece horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(sinatura dixital)

O alcalde,
(sinatura dixital)